

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA CONVOCANTE

Nome: SONIA	1.º apelido: GÓMEZ	2.º apelido: NAYA	NIF: 34898059K
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: PRESIDENTA		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com		
Data:	14/10/2024	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás		X
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta		X

Dada a ausencia xustificada do Secretario da Federación, roberto Amarelle Garabán, actúa como secretaria accidental a vicepresidenta, Claudia Oreiro Chapela.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (23-09-2024)

Apróbbase por unanimidade a acta da xunta directiva anterior celebrada o día 23/09/2024.

2. Trofeos Liga Galega 2024 das distintas especialidades

Abre este punto a Presidenta indicando que na última proba de liga, REUMUDAS 24 entregárase por parte do club Gallaecia Raid (organizador da proba), os trofeos de Remudas e por parte da FEGADO o DIPLOMA e os trofeos de Campións de liga. Os trofeos son para os 3 primeiros clasificados de cada categoría en o-pé e sprit e ao Club Campións de Liga O-pé.

A presidenta propón facer un cambio e facer un trofeo de comida en lugar de trofeo tradicional, como unha copa o unha medalla. Pregunta a Pelayo se pode conseguir presuposto dos colaboradores que tivo no seu club de regalos de produtos típicos da zona, como mel, queixos, galletas...

Claudia, Adrián e Jorge consideran que os trofeos de Liga son importantes, quizais máis que os das probas realizadas ao longo do ano, polo que sería máis importante mantelos aquí e retiralos no resto.

Finalizamos dando de marxe ata a próxima xunta, para presentar opcións con presupostos e valorar na seguinte antes de tomar a decisión final.

O presuposto asignado é de 500€, polo que aprobamos entre todos que con este presuposto sería difícil conseguir algo máis que uns trofeos sinxelos para cada participante.

3. Normativa premiación 2025

Acordamos que é un punto a ter en conta para propor cambios para aplicar e propor na Asamblea Fegado 2024.

Jorge recorda que xa se emitiron penalizacións a federados por non acudir a recibir os seus trofeos. Cremos que a obrigabilidade de asistencia debe ser para Campionatos Galegos e trofeos final de tempada de Fin de Liga e que os trofeos que cada club queira dar nas súas probas, non deberían ser obxecto de penalización, xa que aínda que se trate dun tema importante para os clubs, as administracións e concellos que organizan, hai que considerar tamén aos deportistas.

Como no punto anterior decidimos valorar as propostas que cada un teña antes de decidir cal presentar en Asamblea.

4. CESA e CECEO 2025

A presidenta indícanos como foi a reserva de candidatura de FEGADO. Marta de FEDO chamou urxente que tiñamos que pasar o proxecto do CESA.

Sonia preparou un en urxencia, chamou a Antonio secretario FEDO para valorar o tema do streaming (10.000€) e o modelo simulación que lle pasó do ano pasado para poder ter algo semellante para aproximar e axustar presuposto.

Pedíuse un presuposto de 50.000 €, temos case garantido recibir 30.000 euros. O venres 18 celebrarase unha reunión coa Xunta en videoconferencia ás 13:00, co equipo de Lete.

CECEO - PONTEVEDRA (estimamos asistencia de 200 nenos e nenas)

O 90% das persoas participantes non teñen experiencia, polo que non se necesitan mapas técnicos, simplemente adaptar un mapa máis sinxelo.

CESA – SANTIAGO (estimamos asistencia duns 600 nenos e nenas)

O 90% das persoas participantes saben competir. Necesitamos un pouco de calidade de mapa.

A nosa prioridade é facer o CESA, pero está condicionada a subvención e apoio á realización de ambas probas, polo que facemos as dúas.

Revisar mapas para cada unha das probas, tendo en conta que o traballo de mapa de máis calidade debe ser para o CESA.

Valóranse posibles zonas.

Santiago: casa da cultura (media), Arnela cede o mapa de Lousame ou Porto do Son.

Pedroso. Neste terreo revisará Fran posibles opcións.

Para a zona de Pontevedra comentamos con Tere posibles opcións, valoráranse os seguintes.

Mapas posibles para CECEO cercanos a Pontevedra:

- Ermelo (Bueu) zona sur - 30 minutos Pontevedra
- Ermelo-Pastoriza Chans de Cela, zona norte - 25 minutos Pontevedra
- Lago Castiñeiras - Revisión vexetación - 15 minutos Pontevedra
- Acibal (revisar, zonas modificadas por obras) - 25 minutos Pontevedra
- Illa das Esculturas (Pontevedra) - Sprint
- Siradella - Técnico e problemas con medioambiente * O Grove
- Illa da Toxa - Sprint *O Grove

5. Asamblea Técnica 2025

A 30 de novembro.

Sonia non estará por traballo e presidirá Claudia. Estará Jorge levando a Asamblea pero os dos serán os encargados da realización da mesma.

Ao día seguinte son os relevos en Coruña, pero Claudia irá á Asamblea de reforzo con Jorge.

Publicarase unha noticia para lembrar aos clubs a súa realización e o arquivo para enviar peticións de cambios de reglamentos, normativas....

Daranse 15 días para revisar e publicar as peticións para poder velas antes da asamblea.

Sala reservada en Santiago, reunión presencial pero haberá conexión para facer seguimento on-line.

Adrián propón facer reunión antes da asamblea técnica de mesas de traballo para levar a información máis detallada de onde temos que por o foco nos cambios que se propoñan na asamblea. Jorge esta de acordo e coordinarán a súa realización. Mesas para valorar temas de cambios de categoría, cambios de grupo de idade en o-pé, cartografía, trazados....

Importante facer dúas conexións antes da Asamblea técnica, por semana, conexión on-line. Desta forma sacaranse datos previos para traballar mellor na Asamblea.

6. Eleccións FEDO

O presidente FEDO contactou con Sonia porque quería máis presenza de galegos na representación Fedo. 4 clubs representantes, non podemos levar máis, polo tanto estamos ao 100% e aceptáranse os 4. Hai representantes en estamentos de deportistas e de mtbo e trail-o.

7. Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas pero coméntase a necesidade de renovar material de FEGADO como cargar pinzas, baterías das estacións, etc. Mancera fará valoración e enviará as necesidades existentes relacionadas co material.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:00 h do día antes indicado.